



## Bases do premio INEO ao Produto ou Servizo máis Innovador

### OBXECTIVO DO PREMIO

A ASOCIACIÓN DE ENXEÑEIROS DE TELECOMUNICACIÓN DE GALICIA (AETG) convoca a sexta edición do premio INEO ao produto ou servizo máis innovador patrocinado pola ASOCIACIÓN DE EMPRESAS DE TECNOLOGÍA DE GALICIA (INEO), e destinado a recoñecer ás empresas que estean a contribuír a modernización e a innovación na economía galega.

Preténdese, con este premio, recoñecer publicamente e distinguir ás **empresas do sector da electrónica e TIC** que cos seus produtos ou servizos contribúan de maneira significativa a adaptación dos negocios e das organizacións ao novo entorno dixital.

A transformación dixital, definida como o proceso de xestión que orienta a estratexia, a cultura, os procesos e as capacidades dunha organización para canalizar a disrupción dixital, e desde ese punto de vista queremos recoñecer as empresas que achegasen as solucións tecnolóxicas necesarias para canalizar ese desafío 4.0 logrando unha transformación máis completa, máis innovadora ou que contribuisen en maior maneira ao avance da entidade cliente na súa transformación dixital.

Para este premio, poderase nomear calquera iniciativa, de maneira individual ou en cooperación entre o sector tecnolóxico e as empresas ou entidades pertencentes a sectores non tecnolóxicos (incluído o sector público)<sup>1</sup>, que mellor represente o traballo orientado a Transformación Dixital, incluíndo desde solucións paquetizadas que fosen implantadas en diferentes organizacións, solucións deseñadas ad-hoc no ámbito da Economía Dixital ou servizos de capacitación necesarios para dotar da visión e coñecementos clave dentro da organización para que a transformación dixital sexa exitosa, entre outros moitos exemplos.

Valoraranse aspectos como a innovación, as aplicacións orientadas a facilitar unha transformación dixital completa, o avance da dixitalización tendo en conta o punto inicial e a situación actual, o retorno da inversión tecnolóxica, etc.

No caso dunha presentación numerosa de proxectos poderá realizarse unha selección previa por expertos externos.

---

<sup>1</sup> *Aínda que se presente unha iniciativa por parte do cliente (tanto do sector público como do privado) se premiará á empresa tecnolóxica que efectuou o desenvolvemento, aínda que esta fose colaboradora ou subcontratista.*



## CARACTERÍSTICAS DOS PREMIOS

O Premio terá un carácter honorífico. Entregarase unha placa conmemorativa e difundirase o premio e a actividade da empresa a través dos medios de comunicación autonómicos.

O xurado resérvase o dereito a outorgar mencións especiais a algunhas das empresas participantes.

Así mesmo, o xurado resérvase o dereito de declarar o premio deserto no caso de non recibir candidaturas que cumpran os criterios de calidade esixidos.

## ÁMBITO DA CONVOCATORIA

Poderán aspirar ao Premio aqueles proxectos do ámbito das tecnoloxías que:

- Fosen desenvolvidos durante o dous últimos anos (2015 e 2016) e se caracterizaran pola súa orientación ao fomento da transformación dixital das empresas ou a sociedade en xeral.
- Maior potencien a capacidade innovadora, o fomento da colaboración, e o desenvolvemento de novos nichos de especialización que teñan a finalidade de que Galicia desenvolva un novo tecido empresarial con maior valor engadido e emprego cualificado.

Poderá participar calquera empresa tecnolóxica con domicilio social en Galicia que teña un produto ou servizo TIC que contribúa a transformación dixital.

A empresa ou empresas poderán presentarse de forma individual ou colectiva, se a aplicación fora desenvolvida en colaboración.

## DOCUMENTACION A APORTAR

- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN, segundo Anexo I.
- MEMORIA ou RESUMO EXPLICATIVO da APLICACIÓN

## PRESENTACIÓN E PRAZO DE ENTREGA

Para que a candidatura sexa admitida deberá estar debidamente cumprimentada de forma OBLIGATORIA a través da solicitude de participación posta a disposición de todas as empresas na web da Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia, sendo a memoria ou resumo explicativo da aplicación información complementaria.

Ambos documentos enviaranse por correo electrónico, indicando no asunto: "Premio INEO", ás direccións:

[administracion@aetg.gal](mailto:administracion@aetg.gal)

[administracion@coetg.gal](mailto:administracion@coetg.gal)



## **O prazo de recepción das candidaturas rematará o luns 18 de xullo ás 09:00 horas.**

En ningún caso, salvo expresa petición do comité técnico ou do xurado, teranse que remitir documentos axuntos aos organizadores e/ou á coordinadora dos premios.

### **CRITERIOS DE VALORACION**

Despois do peche de presentación de candidaturas, o Xurado avaliará os proxectos segundo os seguintes criterios:

- Presentación e claridade da exposición.
- Calidade da proposta.
- Grao de innovación.
- Contribución á transformación dixital dos receptores da tecnoloxía.
- Viabilidade técnica/financeira.
- Resolución de problemas, necesidades e/ou melloras que ofrece.
- Produtos/procesos/servizos cunha clara orientación ao mercado e baseados na demanda. Necesidade / potencial do mercado.
- Fomento ou cooperación entre empresas e outros axentes implicados na cadea de valor. Contribución ao reforzo do tecido empresarial.

### **COMPOSICION DO XURADO E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DO PREMIO**

O Xurado encargado da adjudicación do premio estará formado por seis membros: Presidente, Vicepresidente, Secretario, Vicesecretario e dous Vogais. Exercerán como Presidente e Vicesecretario do Xurado dous membros de INEO e como Vicepresidente e Secretario dous membros da AETG que designen as súas respectivas Xuntas Directivas. Os dous Vogais poderán ser representantes da Xunta de Galicia, empresas, fundacións e asociacións das Telecomunicacións e da Sociedade da Información, que serán nomeados conxuntamente entre a AETG e INEO.

De entre todas as candidaturas recibidas, e sempre que se axusten ao establecido nos puntos anteriores, seleccionaranse as candidaturas finalistas que serán valoradas por un xurado. Dito xurado, que poderá ser asesorado por un comité técnico, elexirá entre os finalistas ao galardoado, podendo establecerse, no seu caso, un accésit.

A decisión do xurado será inapelable.



Asociación  
de Enxeñeiros  
de Telecomunicación  
de Galicia



## **PUBLICACIÓN DO FALLO E ENTREGA DO PREMIO**

A entrega do premio farase durante o transcurso da XXI Noite Galega das Telecomunicacións e da Sociedade da Información 2016.